



## RECOMENDACIÓNS DA EQUIPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

### PARA TRABALLAR NA CASA COS PEQUEN@S

#### (ADAPTAR ÁS DIFERENTES IDADES)

**LECTOESCRITURA:** TRABALLAR O SEU NOME, ATOPAR LETRAS EN REVISTAS, XORNAIS, CATÁLOGOS... MONTAR E PEGAR. ESCRIBIR NOMES SIGNIFICATIVOS PARA ELES (FAMILIA, PERSOAXES FAVORITAS, MASCOTAS...), FACER LISTADOS, CARTAS OU E-MAIL ÁS PERSOAS QUERIDAS ÁS QUE NON PODEMOS VER, ESCRIBIR MENSAXES SECRETAS...

**LINGUAXE:** ADIVIÑAS, POESÍAS, TRABALINGUAS, CANCIÓNS, VEXO-VEXO, DESCRIPCIÓNS...

**CONTOS:** LECTURA COMPARTIDA, INVENTAR, TENTAR LER ALGUNHA PALABRIÑA/ ANAQUIÑO OU LER AS IMAXES, REPRESENTAR E INTERPRETAR, FACER DEBUXOS, FACER AS PERSONAXES CON DIFERENTES MATERIAIS E DESPOIS XOGAR CON ELES.

**RAZOAMENTO LÓXICO-MATEMÁTICO:** TRABALLAR A RECTA NUMÉRCA (SERIEASCENDENTE/DESCENDENTE, ANTERIOR/POSTERIOR, UN/ DOUS MÁIS, ORDINAIS, MAIOR/MENOR, ATOPAR E NOMEAR NÚMEROS CONCRETOS...), CONTAR COUSAS (TAPÓNS, XOGUETES, MACARRÓNS, PINZAS...), TRABALLAR NÚMEROS SIGNIFICATIVOS PARA ELES (IDADES, TALLAS, MATRÍCULA, TELÉFONOS...) FACER PEQUENAS SUMAS/RESTAS MANIPULATIVAMENTE. XOGOS CON NÚMEROS (DADOS, CARTAS, BINGO, DOMINÓS, OCA...), OUTROS XOGOS (ENSARTABLES, PUZZLES, MEMORI...). RECORDAR AS FORMAS XEOMÉTRICAS BÁSICAS E XOGAR CON ELAS.

**PLÁSTICA:** RECORTAR FOTOS, LETRAS, NÚMEROS...DE CATÁLOGOS, REVISTAS, FOLLETOS, XORNAIS. RECORTABLES (BONEQUIÑOS E ROUPA, MEDIOS DE TRANSPORTE...) FACER COLLAGES E MONTAXES. MODELADO CON DIFERENTES MASAS (PLASTILINA, PASTA DE SAL, PASTA DE FARIÑA...) AMASADO (GALLETAS, BIZCOITOS, ROSCAS, PAN, MASA PIZZA...) DEBUXO E COLOREADO. EMPREGAR TODO TIPO DE MATERIAIS DE REFUGALLO PARA REALIZAR TRABALLIÑOS SINXELOS. XOGAR CON DIFERENTES MATERIAIS (PINTURA DEDOS, TÉMPERAS, ACUARELAS, ROTUS, BARRAS, PINCEIS, ESPONXAS...), ESTAMPAR (MANS, PEGADAS, TATUAXES...), EMPREGAR PEGATINAS, TALADROS, TESOIRAS DIFERENTES.

**AUTONOMÍA:** APROVEITAR AGORA QUE NON TEMOS PRESA PARA TRABALLAR COUSIÑAS DO DÍA A DÍA.

COMER SOIÑ@s, MASTIGAR, PROBAR OS DIFERENTES ALIMENTOS E TEXTURAS, VESTIR/ESPIRSE, ABOTOAR, LAVADO DE MANS, DENTES, RECOLLER A ROUPA SUCIA E BOTAR NO SITIO CORRESPONDENTE, AXUDAR CON TAREFAS SINXELAS (POÑER E RECOLLER A MESA, BARRER, AXUDAR NA COCIÑA DENTRO DAS SÚAS CAPACIDADES...), SESIÓNS DE PERRUQUERÍA, DISFRACES, PLANTAR NUN VASIÑO DE YOGURT UNHA SEMENTE (LENTELLAS, GARBANZOS, FABAS...). AXUDAR CO COIDADO DAS MASCOTAS.

XOGOS ( ATOPAR UN TESOURO SEGUINDO PISTAS, FRÍO/QUENTE PARA ATOPAR COUSAS ESCONDIDAS, ESTATUAS, O REI MANDA...( DAR SALTOS, PALMAS, TOCAR O NARIZ, SENTARSE...)